

con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

SEGUNDO.- ESTIMAR a alegación formulada pola Ilma. Sra. D^a. Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde-Delegada da Área de Economía e Emprego do Excmo. Concello de Lugo, con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación, procedéndose á rectificación do erro involuntario padecido na redacción do punto 8 do artigo 4 bis, por canto onde di "8.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das construcións, instalacións e obras que se realicen dentro da zona rural [...]", debe dicir "8.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das construcións, instalacións e obras que se realicen dentro da zona rural [...]".

TERCEIRO.- NON ADMITIR A TRÁMITE a alegación formulada por don Xosé Manuel Somoza Varela, na que se insta a modificación da redacción da ordenanza Fiscal núm. 200, reguladora do IVTM, por terse presentado fora do prazo establecido para a presentación de reclamacións ós acordos provisionais de aprobación das ordenanzas fiscais para o ano 2008.

CUARTO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación e actualización das ordenanzas fiscais e implantación e ordenación da taxa por dereitos de exame e da taxa pola prestación do servizo de comida no fogar que han de rexer no exercicio do ano 2008, quedando os preceptos modificados e actualizados coa mesma redacción que a aprobada inicialmente por acordo plenario de data do 5 de novembro de 2007 e que se contén nas páxinas 78 a 138 do devandito expediente, así como coa rectificación referida no punto anterior.

QUINTO.- Proceder á publicación íntegra do texto das modificacións e das novas ordenanzas fiscais que han de rexer no exercicio do ano 2008, mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia.

Notifíquelles individualmente a cada un dos reclamantes "

Lugo, 8 de xaneiro de 2008.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO (Decretos Alcaldía 64/2007 e 75/2007, do 18 e 29 de xuño, respectivamente), Sonia Méndez García.

R. 00181

MEIRA

Anuncio

Para os efectos do que dispón o artigo 196.2 do ROF, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, cumprindo a resolución do Concello Pleno acadada na sesión extraordinaria celebrada en data 7 de novembro de 2007, publíquese o texto íntegro da

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE MEIRA, xa que logo, non se presentaron reclamacións no prazo da exposición ao público do expediente de tramitación da modificación desta, anunciado no BOP de Lugo número 274 do 28 de novembro de 2007 e taboleiro de anuncios do Concello, así:

ACORDO DE APROBACIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola de música deste Concello nos propios termos nos que figura na proposta da Alcaldía que a continuación recóllese:

"Artigo 5º.- Cota tributaria

5.º.- As cotas determinanse segundo o servizo solicitado:

- Matrícula anual por clases de linguaxe musical: 20 euros.

- Matrícula anual por clases de cada especialidade musical: 70 euros.

- Matrícula anual por clases de conxunto coral: 10 euros

- Matrícula anual por clases de conxunto instrumental: 10 euros

- Matrícula anual por clases de piano complementario: 20 euros

5.2. A tarifa por aluguer de instrumentos propiedade do Concello será de 50 euros anuais.

5.3. A matrícula de membros de familia numerosa (segundo a normativa vixente) terá unha bonificación na cota de 40% por membro.

5.4.-A matrícula de alumnos/as que teñan recoñecida unha minusvalía superior ao 33%, terá unha bonificación na cota tributaria anual do 40%."

SEGUNDO. Someter a devandita modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola de música deste Concello a información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De no se presentaren reclamacións ou suxestións no devandito prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.-

TERCEIRO. Facultar ao señor Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados co asunto, tralo acordo tácito, se fose o caso, publicarase o acordo e ordenanza fiscal no BOP de Lugo para a súa entrada en vigor.-

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

Artigo 1º.- Fundamento.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/1985, e de conformidade cos artigos 17 a 20 e 58 do RD 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a presente taxa, que se rexerá por esta ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de ensinanza na Escola de Música municipal.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas que soliciten a matrícula nalgunha das materias que imparte a Escola de Música, sexa para si ou para os menores de idade aos que representen.

Art. 4º.- Responsables.

Serán responsables os que correspondan segundo a Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

5.1 - As cotas determinanse segundo o servizo solicitado:

- Matrícula anual por clases de linguaxe musical: 20 euros.

- Matrícula anual por clases de cada especialidade musical: 70 euros.

- Matrícula anual por clases de conxunto coral: 10 euros

- Matrícula anual por clases de conxunto instrumental: 10 euros

- Matrícula anual por clases de piano complementario: 20 euros

5.2. A tarifa por aluguer de instrumentos propiedade do Concello será de 50 euros anuais.

5.3. A matrícula de membros de familia numerosa (segundo a normativa vixente) terá unha bonificación na cuota do 40% por membro.

5.4. A matrícula de alumnos/as que teñan recoñecida unha minusvalía superior ao 33% terá unha bonificación na cota tributaria anual do 40%.

Artigo 6º.- Devengo da taxa.

1. O devengo prodúcese cando se inicie o uso do servizo, que será a partir do momento no que se formalice a matrícula ou cando se solicite o aluguer dun instrumento.

2. Efectuarase o pago da taxa por ingreso nas entidades bancarias en que o Concello ten aberto conta, fraccionándose o pago das matrículas do seguinte xeito:

- Primer ingreso: Debe realizarse no momento da reserva da praza, e polo 50% do importe.

- Segundo ingreso: antes do 15 do mes de marzo e polo 50% restante.

3. O pago do aluguer dos instrumentos efectuarase polo 100% no momento da entrega e, de establecerse, nas prórrogas anuais.

4. Os alumnos deberan entregar no centro o recibo bancario de haber efectuado o pago correspondente nos prazos indicados. O impago nos prazos suporá a perda do dereito a seguir recibindo clases, sen prexuízo da súa esixencia pola vía de constrinximento

5. A non asistencia ao centro durante un período determinado non suporá a redución na cota a pagar, posto que supuxo impedir acudir ao centro a outra persoa.

Artigo 7º.- Normas de xestión:

1. Para a matrícula presentaranse os seguintes documentos:

- Cumprimentar a solicitude das ensinanzas musicais desexadas, baixo a orientación do persoal do centro en canto ao nivel.

- Fotocopia do DNI ou do libro de familia caso de menores de idade.

- 1 Fotografía tamaño carnet e outra por ensinanza solicitada.

- No caso de membros de familia numerosa, copia compulsada do título como tal.

2. O axeitado funcionamento e desfrute deste servizo será acorde coas normas de urbanidade, ensinanza, e disciplina, baixo a responsabilidade do encargado da escola, que así mesmo fará seguimento do pago das tarifas correspondentes.

3.- Os alumnos ou representantes que soliciten o aluguer dos instrumentos deberan asinar, no momento de facerse efectivo, o compromiso de mantelos en perfecto estado durante o período de aluguer, e prórroga de se-lo caso, e reparalo se o mestre o considera oportuno, facendo fronte tanto ao custo de reparación ocasionada polo desgaste normal do instrumento como polo mal uso do mesmo. Así mesmo deberao entregar cando abandonen a escola e aínda que non houbera transcorrido o ano de aluguer, sen dereito a devolución de parte algunha do importe.

4.- O pago das tarifas non exime do aboamento das indemnizacións que poidera esixir este Concello caso dun uso indebido das instalacións e medios da Escola.

Art. 8º.- Infraccións e sancións

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

Disposición adicional primeira

As tarifas desta ordeanza poderán ser actualizadas anualmente segundo o I.P.C.

Disposición final.

A presente ordenanza unha vez aprobada definitivamente polo Pleno municipal, entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa.-

Meira, 16 de xaneiro de 2008.- O Alcalde, Antonio de Dios Alvarez.

R. 00257

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión do 27/12/2007, entre outros adoptou o seguinte acordo, que, na súa parte dispositiva, di:

5.- Aprobación definitiva do Estudo de Detalle na Rúa Acea Nova, promovido por Viviendas Lemos, S. L.

Rematado o debate e realizada a votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría absoluta do número legal de membros acordou prestar a súa aprobación ao proxecto aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, con carácter definitivo, do estudo de detalle na Rúa Acea Nova, promovido por Viviendas Lemos, S. L. e, en consecuencia, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o estudo de detalle formulado, mediante iniciativa particular, pola entidade mercantil Viviendas Lemos, S. L. na Rúa Acea Nova, redactado polo arquitecto D. Fernando Copa Martínez., con data de visado de 3 de setembro de 2007.

Segundo.- Dipoñer a publicación deste acordo no BOP e no Diario Oficial de Galicia, remitíndose á CPTOPT copia auténtica de dous exemplares do estudo de detalle aprobado, debidamente dilixenciado, con notificación persoal ás entidades e persoas interesadas, ofrecéndose o réxime de recursos procedentes.

Faise constar, así mesmo, que con data 9 de xaneiro de 2008 remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a documentación referida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002.

O que se fai público, a salvo dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta, en cumprimento do ordeado e para os efectos oportunos.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación (artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1988). Isto sen perxuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

Monforte de Lemos, a 10 de xaneiro do 2008.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00160

MONTERROSO*Anuncio*

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión extraordinaria celebrada o 2/11/07 acordou aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo uso do albergue de Ligonde. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 27 de novembro sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

"PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO ALBERGUE DE LIGONDE

ARTIGO 1º. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos no albergue de Ligonde, cuxas normas reguladoras contéñense na presente ordenanza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA

As contías dos prezos públicos regulados nesta ordenanza serán as seguintes, os cales non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente:

- Tarifa por utilización de camas: 6 euros/día.

- Tarifa por utilización de espazos reservados para sacos de durmir: 3 euros/día.

ARTIGO 4º. NACEMENTO DA OBRIGA

A obrigación de pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza nace dende que se inicie a utilización dos servizos

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán exencións nin bonificacións nas tarifas previstas na presente ordenanza.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN

O pagamento dos prezos públicos regulados no artigo 3º efectuarase, en todo caso, con carácter previo á prestación do servizo, o cal poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

A determinación da contía das tarifas previstas nesta ordenanza poderán ser acordadas pola Xunta de